

Expediente IET: P-22-052
Proxecto: Parque eólico Marcofán
Concello: Beariz, Boborás e O Irixe (Ourense)
Promotor: Marcofán Eólica SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 16/05/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Ourense somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Marcofán.

1. Antecedentes:

Con datas do 10/02/2022 e 07/04/2022 o IET emitiu informes de impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Neses informes indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) elaborado non se axustaba completamente ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e ao Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística, sinalando a necesidade de mover ou eliminar as posicións 1 e 2 debido a forte intrusión visual sobre elementos de valor da paisaxe.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas de Ourense consiste nun escrito de contestación (maio 2022) ao anterior informe do IET. Nese escrito amplíase o estudo de visibilidade das posicións 1 e 2 nun ámbito de 20 km así como na AEIP Serra do Candán – Montes do Testeiro. Tamén se analiza o cambio deses muíños ao norte do aeroxerador 3, e ao sur da posición 7, xustificando en ambos casos a súa inviabilidade.



No estudo de visibilidade indícase que por mor da existencia doutros parque eólicos nas proximidades, a incidencia visual exclusiva das posición 1 e 2 e de 0,27%, e para o caso concreto da AEIP Serra do Candán – Montes do Testeiro esa incidencia visual exclusiva será do 0,52%. Conclúese dese xeito que o cambio de localización desas posicións non modificaría significativamente o resultado final. Cabe indicar a este respecto que a existencia doutros parques non pode considerarse un atenuante, se non todo o contrario; ademais, o feito de que non se produzan apenas variacións nas cifras de visibilidade, non quere dicir que non varíe de forma considerable o impacto visual producido ao modificarse ou suprimirse aeroxeradores.

Non se producen polo tanto variacións no deseño das instalacións nin nas medidas de integración, polo que os seus efectos sobre a paisaxe serán os que xa se valoraron en anteriores informes.

6. Conclusión:

No relacionado co contido do EIIP, como xa se indicou no anterior informe, pode considerarse completo segundo o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. Non obstante, deberá integrarse no EIIP as análises que se recollen no escrito de contestación.

O maior impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará no tempo durante o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas máis afectadas pola incidencia visual cabe destacar a AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro e o miradoiro as Ameixeiras (principalmente polas posicións 1 e 2), así como os núcleos de poboación próximos. Esta incidencia visual se ben non supón un impacto crítico, non poderá ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, mediante as barreiras vexetais indicadas no EIIP en caso de manifesta preocupación social.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

Non será necesario someter a documentación a novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

